

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO ORDINARIA DE 19 DE SETEMBRO DE 2022

### 1. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00009598V.

Resolución do procedemento iniciado para inscribir a finca rexistral 44376 consonte ao artigo 31 do RD 1093/1997 (rúa de República do Salvador, 12, planta 1ª) .

Acórdase:

Primeiro. Declarar a subrogación do actual titular rexistral da finca 44376 (INVERSIONES INMOBILIARIAS CANVIVES SAU) nos deberes urbanísticos pendentes de cumprimento a cargo da anterior propietaria (BROS NOROESTE) no ámbito da OE-7.

Segundo. Declarar o incumprimento do actual titular da finca rexistral 44376 do seu deber de outorgar os documentos precisos para inscribir a nome do Concello de Santiago a superficie de cesión obrigatoria delimitada polo PXOM na OE-7, segundo a Modificación puntual (MP) aprobada o 29.06.2000, publicada no BOP de 11.09.2000.

Terceiro. Instar do Rexistro da Propiedade núm. 2 a inscrición do pleno dominio da finca rexistral 44376 a favor do Concello de Santiago, por título de cesión obrigatoria de equipamento público da OE-7, segundo a antedita MP, ao terse xa materializado o aproveitamento urbanístico permitido polo PXOM vixente na edificación existente.

O acordo notificarase persoalmente aos interesados e comunicarse ao Rexistro da Propiedade.

### 2. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00034663X.

Aprobación definitiva do cambio de sistema de actuación no polígono do solo urbano consolidado núm. 40 (A Rocha) .

Apróbase definitivamente o cambio de sistema de actuación no polígono de solo urbano consolidado núm. 40 (P.40 A Rocha), substituíndo o de cooperación polo de concerto.

O acordo notificarase persoalmente aos titulares afectados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, xunto co inicio do procedemento de equidistribución do Polígono.

### 3. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2022/00037420F.

Denegación da reclamación sobre indemnización adicional de bens na parcela 349 bis do Proxecto de compensación do SUNP-25 (Roxos) .

Denégase a reclamación formulada sobre indemnización adicional de bens na parcela 349 bis do Proxecto de compensación do SUNP-25 (Roxos), toda vez que os que van ser agora ocupados na fase 1 constan xa indemnizados e compensados na conta de liquidación do proxecto de equidistribución aprobado o 14 de xullo de 2008.

Con independencia do anterior, o interesado pode solicitar o inicio dun expediente complementario co obxecto de fixar a indemnización que proceda pola derruba da parte da construción 02 afectada polo trazado da vía 13, de xeito que o seu pagamento habilitaría á Xunta de Compensación para derrubar a porción afectada.

### 4. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2022/00039846H.

Aprobación dos prezos públicos e reducidos das actividades regulares do curso 2022/23 da Rede de centros socioculturais do Concello de Santiago de Compostela, e dar conta de dita programación. .

Apróbase o seguinte:

Primeiro. Aprobación da aplicación dos prezos públicos establecidos na XGL do 13 de abril de 2018 aplicables para as actividades regulares dos centros socioculturais do curso 2022/23.

Segundo. Aprobación da aplicación dos prezos reducidos establecidos na XGL do 13 de abril de

2018 por razóns de índole social, cultural e de interese público nas actividades que incentivan a participación da veciñanza dos barrios e das parroquias.

Terceiro. Dar conta da programación xeral prevista nos CSC para o curso 2022/23.

Táboa de prezos:

Prezos públicos	
Adultos/mozos	
Duración	Euros/trimestre
45 minutos	25,00 €
1 hora	30,00 €
1, 5 horas	40,00 €
2 horas	55,00 €
Nenos/senior	
Duración	Euros/trimestre
45 minutos	20,00 €
1 hora	25,00 €
1, 5 horas	35,00 €
2 horas	45,00 €

Prezos reducidos por razóns de índole social, cultural e de interese público

Adultos/mozos/Nenos/sénior	
Duración	Euros/trimestre
45 minutos	10,00 €
1 hora	12,00 €
1, 5 horas	15,00 €
2 horas	20,00 €

Clubs	
Duración (anual)	15,00 €

##### 5. CENTROS CÍVICOS. Referencia: S/2022/152.

[Subsanación da relación contable S/2022/152 de PRODUCIÓNS TEATRAIS TALÍA, S.L. por omisión de función interventora.]

Acórdase:

Primeiro. Convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión de requisitos ou trámites esenciais, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de PRODUCIÓNS TEATRAIS TALÍA, S.L. segundo se reflicte na relación contable do Concello de

Santiago de Compostela S/2022/152 con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2269901 que figura nas actas de conformidade das facturas, por un importe total de 5.517,60 euros.

**6. CENTROS CÍVICOS. Referencia: F/2022/1744.**

[Subsanación da factura F/2022/1744 de PRODUCIÓNS TEATRAIS TALÍA,S.L. por omisión de función interventora. ]

Acórdase:

Primeiro. Convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión de requisitos ou trámites esenciais, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de PRODUCIÓNS TEATRAIS TALÍA, S.L. segundo se reflicte da factura Concello de Santiago de Compostela F/2022/1744, e con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2269901 que figura na acta de conformidade da factura, por un importe total de 3.484,80 euros.

**7. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00040028Q.**

[Aplicación da gratuidade da atención educativa na Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de Santiago de Compostela (Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños) para o curso 2022-23, e determinación do prezo dos obradoiros das escolas infantís. ]

Acórdase:

Primeiro.- Acollerse ao programa da Xunta de Galicia de gratuidade da atención educativa na Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello de Santiago de Compostela (Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños).

Os ingresos correspondentes ás tarifas de atención educativa correrán con cargo á liña de subvencións 2 establecida pola Orde do 22 de xullo, ficando exentas as familias de aboar as tarifas de atención educativa que establece a orde, en consonancia co disposto na Disposición adicional novena, apartado sete, da Lei de servizos sociais de Galicia, e da citada Orde do 22 de xullo que desenvolve o procedemento de subvención, modificándose a táboa de prezos recollida no acordo de Xunta de Goberno Local do 30 de agosto de 2021, declarándose a exención de tarifas da táboa, na parte atinxente á atención educativa e a matrícula, que alcanza a todo o alumnado e xa non só aos segundos fillos e sucesivos. De acordo coas bases da Orde da Xunta de Galicia, a atención educativa inferior a 3 horas e a atención educativa en agosto continuará a ser de pago cos prezos referenciados.

Segundo.- Establecer a táboa de prezos das escolas infantís municipais, coas mesmas contías pero coa exención de prezo público pola atención educativa e a matrícula, segundo o recollido neste informe-proposta, tal e como se reflicte a continuación:

TRAMOS DE RENDA			ASISTENCIA			SERVIZOS			
(IPREM)	Dende	Ata	Atención Educativa	Atención Educativa Media xornada (4 horas)	Atención Educativa con Comedor	Xantar	Almorzo	Merenda	Horario ampliado
Inferior o 30%	0,00	169,47	- €	- €	- €	- €	- €	- €	21,16 €
Do 30% ao 50%	169,47	282,45	- €	- €	17,45 €	17,45€	10,00€	10,00€	21,16 €
Do 50% ao 75%	282,45	423,67	34,91 €	17,46€	52,36 €	17,45 €	10,00€	10,00€	21,16 €
Do 75% ao 100%	423,67	564,90	69,81 €	34,91€	96,26 €	26,45 €	10,00€	10,00€	21,16 €
Do 100% ao 125%	<b>564,90</b>	706,12	112,13 €	56,06€	149,15 €	37,02 €	20,00€	20,00€	21,16 €
Do 125% ao 150%	706,12	847,35	133,29 €	66,65€	186,18 €	52,89 €	20,00€	20,00€	21,16 €
Do 150% ao 200%	847,35	1.129,80	147,05 €	73,52€	210,52 €	63,47 €	20,00€	20,00€	21,16 €
Superior ao	Mais de 1.129,80		169,26 €	84,63€	243,31 €	74,05 €	25,00€	25,00€	21,16 €

MATRÍCULA	OUTROS SERVIZOS	DESCONTOS
75€/ANUAL (EXENTA)	Hora día solto: 2 € Comedor día solto: 4 € Merenda día solto: 2 € Almorzo día solto: 2 €	Familia monoparental: 20% Familia numerosa: 20% Gratuidade da atención educativa e da matrícula

A medida ten un impacto orzamentario neto nulo ao ser compensada a perda de ingresos pola subvención regulada na orde citada.

Na orde do 22 de xullo dispónse os efectos para o curso 2022/2023. O acordo de exención terá efectos durante todo o curso e os sucesivos, dende o 1 de setembro de 2022.

Terceiro.- Aprobar os prezos públicos dos obradoiros das Escolas Infantís Municipais recollidos na seguinte táboa:

MATRÍCULA (anual): 75 €	SERVIZOS COMPLEMENTARIOS
2 TARDES: 15 €/ mes	COMEDOR: mes, 17,45 € e días soltos, 4 €
3 TARDES: 20 €/ mes	
4 TARDES: 30 €/ mes	ALMORZO: mes, 10 € e días soltos, 2 €
5 TARDES: 35 €/ mes	
Día solto: 6 €/ día	HORA A MAIORES: todo o mes, 10 € e días soltos, 2 €/h

Os prezos públicos referenciados serán de aplicación dende o mes seguinte á aprobación deste acordo pola Xunta de Goberno Local.

#### 8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00019919J.

Aprobación do expediente denominado “Subministración dunha aplicación informática para a xestión do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento”.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Subministración dunha aplicación informática para a xestión do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 25.455,80 euros, IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 5.345,72 euros.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, a súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarias:

ANO 2022

Nº Aplicación orzamentaria: 060-13600-2090000 4.698,19 €

Nº Aplicación orzamentaria: 060-13600-6260000 (proxecto: 2019 3 UNESP 19 1) 499,73 €

ANO 2023

Nº Aplicación orzamentaria: 060-13600-2090000 12.801,80 €

ANO 2024

Nº Aplicación orzamentaria: 060-13600-2090000 12.801,80 €

#### 9. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00041478V.

Dar conta da sentenza recaída na Apelación 4097/2022 do Procedemento Ordinario 83/2019 CA1.

Sentenza nº 233/2022

AP 4097/2022 TSX, PO 083/2019 CA1

Obxecto: denegación de licenza de legalización para a vivenda construída nun patio interior da Rúa do Hórreo.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

Acórdase o seguinte:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento

#### 10. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00042074S.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas. |  
Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de  
datas 9 ao 15 de setembro de 2022.

## URXENCIAS

### - **Aprobación do convenio para o outorgamento dunha subvención nominativa á Asociación de Artesáns e Ourives.**

Acórdase o seguinte:

Primeiro.- Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e Comerciantes Ourives de Compostela, para a realización da mostra “O esplendor do camiño, oito séculos de pratería eacibecheas en Compostela”.

Segundo.- Aprobación do gasto por importe de vinte mil douscentos euros, 20.200,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890006.

### - **Aprobación do convenio para o outorgamento dunha subvención nominativa ós cursos internacionais "Música en Compostela".**

Apróbase o texto do convenio e da concesión directa da subvención a Cursos Universitarios de “Musica en Compostela”, por importe de 5.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890007, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

### - **Aprobación do expediente de contratación "Subministración de caldeiros e bolsas compostables para recollida separada de lixo".**

Acórdase o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Subministración de caldeiros e bolsas compostables para a recollida separada domiciliar de biorresiduos e caldeiros e bolsas compostables para a recollida separada de biorresiduos de grandes xeradores no Concello de Santiago, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de:

Orzamento base de licitación sen IVE: 73.084,00 euros.

IVE 21%: 15.347,64 euros.

Orzamento base de licitación co IVE: 88.431,64 euros.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 88.431,64 euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 16210 6230001 (Código proxecto 2022 2 BLORE 44 1 Instalacións específicas de tratamento biolóxico).

### - **Aprobación do expediente de contratación "Implantación dunha nova estrutura de CPD".**

Acórdase o seguinte:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Implantación dunha nova estrutura de CPD, financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU” e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un orzamento base de licitación de 448.910,00 euros, sendo a base impoñible de 371.000 euros. O IVE correspondente (21% da base impoñible ascende a 77.910,00 euros.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 6260001 - 2022 2 NGINF 11.